

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Acto de benvida

O 9 de setembro tivo lugar a xornada de benvida para estudantes do primeiro curso dos graos de Economía e ADE. Ademais de recibilos e informar sobre algúns aspectos xerais que deben ter en conta a partir de agora, fíxose unha visita en varios grupos para que coñecesen as dependencias do centro, coa colaboración do alumnado titor deste ano.



Durante a primeira semana completáronse as xornadas informativas de comezo do curso académico para todos os grupos expositivos dos diferentes cursos por medio de sesións breves nas diversas aulas.

Adicionalmente ao tradicional acto de benvida, este inicio de curso organizáronse unha serie de actividades máis lúdicas orientadas ao estudiantado: A I Feira das Nacionalidades que se celebrou o 10 de outubro, onde o estudiantado de mobilidade puido explicar a realidade dos seus países, e a celebración dun 3X3 de baloncesto que tivo lugar o 22 de outubro, no que participaron máis de 70 persoas.




# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Defensa de TFG

Os días 10 e 11 de setembro tivo lugar a defensa dos traballos fin de grao en formato póster e diante de tribunal. En total, 38 estudantes de ADE e 19 de Economía defenderon o seu traballo.



## 26 aniversario da promoción 1993-1998

O 19 de outubro celebrouse o 26 aniversario da promoción de 1993-1998 de Económicas na Facultade.

Contouse con profesorado daquela promoción (Miguel Cancio, Xesús Veiga, Ángela Troitiño Cobas e Xulia Guntin), o decano da facultade, Xoán Ramón Doldán García, e a presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio. Ademais colocouse unha placa conmemorativa baixo a orla da promoción.





## Plan de Acción Titorial

### Sesión de orientación sobre o TFG

O 18 de setembro celebrouse unha reunión informativa sobre o TFG dirixida ao estudiantado de 4º curso dos graos de Economía e ADE. Esta actividade forma parte do Plan de Acción Titorial do centro. A asistencia foi masiva xa que espertou moito interese entre o alumnado que este curso defenderá o seu TFG. As coordinadoras de TFG e 4º curso, as profesoras Rosa María Regueiro Ferreira e Concepción Varela Neira, foron as encargadas de informar amplamente sobre o tema. Tamén participaron a directora da Biblioteca da Facultade, Yolanda Diéguez Méndez, xunto con outro persoal da mesma para explicar os servizos de apoio que prestan para elaborar estes traballos e que son de grande utilidade.



### Sesión informativa sobre prácticas externas

O 9 de outubro tivemos a primeira reunión informativa sobre prácticas deste curso 24/25, na que o estudiantado puido resolver todas as súas dúbidas sobre as dúas convocatorias de prácticas da Facultade, en particular da que ten lugar en outubro, e tamén da convocatoria de prácticas propiciadas deste curso. Esta reunión informativa forma parte do Plan de Acción Titorial da Facultade.

Como vén sendo habitual nos últimos anos, contamos coa presenza de estudiantado para transmitir a súa experiencia na realización de prácticas externas. Neste caso, Raúl Alonso Gómez e Naiara Villar Parada foron as persoas que colaboraron na sesión.



# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Aula profesional ECOADE

O conxunto de actividades que conforman a Aula Profesional ECOADE para o primeiro cuadrimestre desenvolveranse entre os meses de outubro e decembro.

Durante estes meses o alumnado poderá asistir ás diferentes conferencias do ciclo Aprendendo das empresas/institucións, ao ciclo de cine Empresa, Economía e Sociedade, aos talleres sobre elaboración do correo de presentación e do currículum vitae, sobre o uso de linkedin, os cursos sobre folla de cálculo, sobre a análise de datos con Power BI ou poderá participar no Xogo de simulación empresarial BuGaMAP.

**USC FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS**

### Aula profesional ECOADE

1º cuadrimestre 2024/25

- Curso: Fundamento de folla de cálculo para Economía e Empresa: Excel&Datos (1 ECTS)**  
Outubro  
Alumnado de 3º, 4º e máster
- Taller: O contacto profesional coa empresa**  
16 de outubro  
Alumnado de prácticas, 4º ou máster
- Curso: Power BI (1 ECTS)**  
Novembro-Decembro  
Alumnado de 4º e máster
- Xogo de simulación empresarial: BuGaMAP**  
27 de novembro  
Todo o alumnado
- Ciclo de Conferencias: Aprendendo das empresas/institucións (1 ECTS)**  
Ao longo de todo o curso  
Todo o alumnado
- Taller: LinkedIn como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade**  
30 de outubro  
Alumnado de prácticas, 4º ou máster
- Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade (1 ECTS)**  
Ao longo de todo o curso  
Todo o alumnado

Máis información e inscricións a través do teu correo @rai.usc.es e en ecoade.aulaprofesional@usc.es

## Aprendendo das empresas e institucións

**USC FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS**

**AULA PROFESIONAL ECOADE**  
APRENDENDO DAS EMPRESAS E INSTITUCIÓNS  
**A UNIÓN EUROPEA E OS DEREITOS HUMANOS**

**Tamara Espiñeira**  
Institut d'études politiques de Rennes

**Día:** Martes, 15 de outubro 2024  
**Hora:** 20:00  
**Lugar:** zoom (información a través do teu correo)

Organiza: **IGA DI**

O 15 de outubro, inauguramos o ciclo Aprendendo das Empresas e Institucións do curso 24/25, no marco da Aula Profesional ECOADE, coa conferencia "A Unión Europea e os Dereitos Humanos", impartido por Tamara Espiñeira, Ph.D, do Institut d'études politiques de Rennes. A conferencia foi organizada polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional en colaboración coa Facultade.



O 23 de outubro, contamos con Simón Rego Vilar para explicar ao alumnado as funcións do Consello de Contas en xeral e no ámbito das administracións locais en particular.



O papel do Consello neste ámbito amplíase cara funcións que van máis alá da verificación de contas, e que implican a entrega á cidadanía de indicadores e evidencias sobre economía, eficacia e eficiencia das políticas dos concellos galegos.

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Aula Profesional ECOADE

### Curso: Excel&Datos

O 8 de outubro comezou o curso sobre Fundamentos de folla de cálculo para Economía e Empresa (Excel&Datos), que se desenvolveu ao longo de todo o mes e polo que o alumnado pode recibir un crédito ECTS. O curso foi impartido polo profesor Alfonso Rodríguez Sandiás, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade.



## Taller: O Contacto Profesional coa Empresa

O 16 de outubro tivo lugar un taller no que o alumnado participante tivo a oportunidade de coñecer algunhas pautas para mellorar o curriculum vitae e para facilitar a primeira comunicación coas empresas ou institucións nas que van facer prácticas ou solicitar un posto de traballo. O taller foi impartido por Nuria Rey Quintás da área de Orientación laboral da USC.



## Taller: LinkedIn

O alumnado que vai realizar prácticas ou está rematando os seus estudos tivo ocasión de participar o día 30 de outubro nun taller práctico sobre a rede profesional LinkedIn, no que se afondou nas súas aplicacións e potencialidades para acceder a ofertas laborais e encontrar oportunidades de emprego. O taller foi impartido polo profesor do departamento de Organización de Empresas e Comercialización, José Ramón Porto Pedrido.





## Recoñecementos ao PDI



Santiago Lago-Peñas, catedrático de Economía Aplicada, foi premiado coa medalla de investigación Domingo García-Sabell Rivas, un recoñecemento da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) pola súa traxectoria singular e consolidada en investigación desenvolvida en Galicia e a súa tarefa de divulgación da ciencia e a tecnoloxía galegas. O profesor Lago Peñas é un referente internacional no campo do federalismo fiscal e a descentralización, e asesorou a organismos internacionais e aos gobernos español ou galego no deseño de diferentes políticas públicas.

Xunto con el, tamén foron galardoados con outras medallas de investigación da RAGC, os profesores da USC, Alberto Bugarín e Diego Peña.

A cerimonia de entrega das medallas tivo lugar no acto académico de celebración do Día da Ciencia en Galicia, que organizou a RAGC, o 8 de outubro no Paraninfo da Universidade.

---

## Promocións do PDI

No mes de outubro celebrouse o concurso dun conxunto de prazas de promoción de PDI:

- Os profesores Emilio Ruzo Sanmartín e Adolfo Carballo Penela, do departamento de Organización de Empresas e Comercialización, a profesora Beatriz Aibar Guzmán, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, a profesora María Luisa Chas Amil, do departamento de Economía Cuantitativa, promocionaron á categoría de Catedráticos/as de Universidade.
- A profesora Beatriz Valcárcel Aguiar, do departamento de Economía Aplicada e a profesora Lucía Rey Ares, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, promocionaron á categoría de Profesoras Permanentes Laborais.

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Outros acontecementos Campaña de doazón de calzado

No mes de outubro desenvolveuse unha campaña solidaria de apoio ás persoas refuxiadas que se atopan na nosa cidade. Dende hai uns meses, unhas trescentas persoas, na súa maioría de Mali, chegaron aos centros de acollida de Monte do Gozo e a Silvouta fuxindo da guerra, e agardan a regularizar a súa situación como solicitantes de asilo. Pero as súas condicións non son sinxelas. Sen ir máis lonxe, moitos deles non teñen calzado e só contan con chancas.



Por iso o centro sumouse á campaña desenvolvida polo club de baloncesto Adb Fontiñas para recoller calzado e poder mellorar as condicións das persoas que mais o precisan. Recolléronse máis de 400 pares.

## A mocidade ao mando

Durante o mes de outubro estivo aberta a convocatoria do concurso Mocidade ao Mando, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística, dirixido ao alumnado da ESO, formación profesional e bacharelato dos centros de Galicia, en grupos cun máximo de tres estudantes, coordinados por un/unha docente. Cada grupo participante elabora un vídeo no que presentan petiscos ou pímulas sobre calquera tema relacionado coa economía ou coa empresa.






## LinkedIn



Hai uns anos apostábamos por LinkedIn como rede profesional para mostrar o traballo que desde todos os ámbitos se fai no centro. O 30 de outubro conseguimos superar os/as 4500 seguidores/as.

Séguenos nas nosas redes sociais





## Teses defendidas

Durante os meses de setembro e outubro defendeuse a seguinte tese de doutoramento na nosa Facultade:

- Ensaio sobre o impacto da competencia na eficiencia, a rendibilidade, a estabilidade e a responsabilidade social corporativa nos bancos da rexión MENA. Autor: Mazahreh, Qusay Ayman Sulaiman. Dirección: José Manuel Maside Sanfiz e Ana Iglesias Casal.

---

## Acordos relevantes das Comisións da Facultade

### Comisión académica conxunta do grao en ADE e do grao en Economía:

- **2 de outubro de 2024:** Acórdase trasladar peticións de modificacións de redacción no Borrador de Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster na Universidade de Santiago de Compostela.

### Comisión de Tráballo fin de grao:

- **9 de outubro de 2024:** Apróbase o protocolo de actuación para as solicitudes de repetición de título de TFG nos casos nos que a titora ou titor deixa de ser docente no grao correspondente. O procedemento será o seguinte: a unidade de xestión debe remitir a solicitude ao departamento correspondente. O departamento, logo de valorar a solicitude, debe informar da súa decisión á unidade de xestión para que esta o comunique ao alumnado solicitante. No caso de que o informe resulte favorable, o departamento deberá comunicar do nome da persoa que se encargará de titorizar o TFG. Apróbanse as solicitudes de repetición de TFG que contan coa correspondente aceptación. Apróbase a proposta de solicitudes de repetición de TFG denegadas.

### Comisión de Calidade:

- **11 de outubro de 2024:** Acórdase que os diferentes mestrados debateran en comisión académica sobre as posibilidades que abre a modificación do regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e máster na USC. Acórdase trasladar peticións de modificacións de redacción no Borrador de Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster na Universidade de Santiago de Compostela. Acórdase solicitar unha xuntanza coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización para trasladarlle a problemática dos mestrados coa matrícula de alumnado que non consegue o visado e non asiste ás clases.